Ferrol, 30 - IV - 49.

Sr. Dn. Ramón Otero Pedrayo.

Ourense

Meu bo amigo: Hoxe mesmo recibín a súa resposta. Parécenos muy ben a data fixada por vostede: 28 de mayo, ás 8 da serán. É unha ventaxa, dende logo, iste adiantamento de uns días.

Hai a delicadísima custión do tema. Ben sabe Deus que nos fastidia de abondo meternos n-iso, tan privativo da súa iniciativa e do seu gusto. Pero sexa: fale de «Viento del Oeste». Decídome a escollelo, porque parece ser o máis grato ao seu esprito. Il saleu na nosa entrevista. Il ocupa o primeiro termo na «riola».

Traya o chaquet. Eu, na miña

PENZOL

calidade de presentador, procurarei vestir un.

Pedímoslle uns datos biográficos que incluir nos programiñas da festa: lugar e data do seu nacimento; si actualmente é cadeirádego; Universidades en que estudóu e data da súa licenciatura e doutorado, no seu caso; viaxes e actividades culturás pol-o extranxeiro.

Expresiós reverentísimas de,

Francisco Usero

Meu querido Otero: Vamos ver, pois, ao cabo de tantos anos? Aproveito esta ocasión pra lle enviar unha saudosa aperta, anticipo das que lle darei corpo a corpo. Non tema que as gabanzas e o programa atinxan máis proporcións indiscretas. Ainda que vostede sabe que eu o admiro e quero sobre toda ponderación, tampouco ignora que coñezo a súa delicadeza e sinxeleza. Comprométome a impoñer mensura apolínea ao dionisíaco temperamento do noso querido Usero, que ten a bondade de me obedecer como a un irmán mór. Até pronto.

Carballo Calero

PENZOL